



Concello de Vigo

Contratación

CONTRATACIÓN DE SERVICIOS DE REDACCIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL EP-2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGREXA DE BEADE A GARRIDA (PO 330). LUGAR DE PORTO.

- Entidade que adxudica:** organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Fomento. Nº expediente: 4472-440.
- Obxecto do contrato:** a redacción do proxecto de execución das obras de humanización da estrada provincial EP-2001 Calvario La Garrida. Tramo Igrexa de Beade A Garrida (PO 330), estrada do Porto.
Lugar de execución: Vigo.
Prazo de execución: 3 meses. Prórroga: non.
- Tramitación e procedemento.**
Tramitación: Ordinaria.
Procedemento: Aberto.
- Presuposto base:** 92.000.- euros. **IVE a soportar pola Administración:** 19.320.- euros. **Orzamento total:** 111.320.- euros.
- Garantías esixidas. a)Provisional:** non se esixe. **b)Definitiva:** sí (5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE). **c)Complementaria:** si, (por un importe do 5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE, cando a oferta adxudicada, tivese sido cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e fora xustificada adecuadamente)
- Obtención da documentación e información:** www.vigo.org (perfil do contratante), teléfono (986) 810148. Fax: (986) 226206.
Data límite para solicitar documentación: ata 7 días antes do día de finalización do prazo de presentación de proposicións.
- Requisitos específicos do contratista: a)Documentos acreditativos da solvencia económica e financeira:** Declaración do volume anual de negocio. Considerarase con solvencia económica e financeira ós licitadores que no conxunto dos últimos tres anos teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ó prezo do contrato. **b)Documentos acreditativos da solvencia técnica e profesional:** Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan ó obxecto do contrato, realizados nos últimos cinco anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas), que con que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Serán traballos de igual ou similar natureza os relativos á redacción de proxectos de obras de construción de obra civil e edificación. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior ao prezo do contrato. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.





Concello de Vigo

Contratación

8. **Presentación de Ofertas:** Prazo: o prazo rematará ós 15 días seguintes ó da última publicación do presente anuncio no BOP ou no DOG.
Documentación: a esixida nas cláusulas 12 e 13 do prego de condicións administrativas e no punto 7 das FEC.
Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo, Pza. do Rei s/n 36202 VIGO, ata as 13,30 h. do último día de prazo.
Admisión de melloras: non.
Prazo da obriga de mante-la oferta: dous meses contados dende o día da apertura de proposicións.
9. **Apertura Ofertas técnica e económica:** entidade, domicilio e localidade: vexase punto 6 do anuncio.
Data e hora: se anunciará no perfil do contratante do Concello de Vigo.
10. **Outras informacións:**
11. **Páxina web para obtención de información:** www.vigo.org
BBR/la

Vigo, 5 de maio de 2017.
O Concelleiro delegado de Contratación,
P.D. (Decreto 19.6.2015 e Acordo 19.6.2015)

David Regades Fernández



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2017 14:25	Páxina 2 de 2
Expediente 4472/440	Código de verificación: 22E84-D3BBB-A2545-B342D	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		